

# ANTECEDENTES DO CONCELLO DE ABEGONDO



**Aula da Natureza de Abegondo**  
**Colaboración cos colexios do municipio**  
**Proxecto do Río Gobia**  
**O Proxecto "O Bosque do século XXI"**  
**Programa Terra das Mariñas (PRODER II)**  
**Programa Red.es.**  
**Núcleo de Sostenibilidade**

Dende hai varios anos, o Concello de Abegondo (Beneficiario Coordinador da presente proposta) promove, insta e desenvolve actuacións, programas, actividades e proxectos co obxectivo de alcanzar un desenvolvemento sostible que implique a participación de toda a poboación. Dentro destas actuacións destacan:

## **(1) A Aula da Natureza de Abegondo.**

Este Aula da Natureza conta cun Programa de Educación e Interpretación Ambiental desenvolvendo ao longo do ano actividades con colexios, rutas de senderismo polo espazo natural, xornadas e talleres ambientais para a cidadanía.

## **(2) Colaboracións cos colexios do municipio.**

## **(3) O Proxecto "Río Govia".**

Ten por finalidade redescubrir ós habitantes de Abegondo os usos lúdicos dos ríos (rutas de senderismo, pesca, etc.) así como dar a coñecer a toda a poboación os ámbitos fluviais e a súa riqueza.

#### **(4) O Proxecto "O Bosque do século XXI"**

#### **(5) O concello de Abegondo preside o Grupo de Acción Local "Terra das Mariñas" que xestiona o Programa PRODER II (2000-2006)**

Dirixido a diversificar a economía rural, dando valor engadido ás producións locais así como mellorando a calidade de vida dos habitantes do medio rural, e sempre contando coa participación dos diferentes colectivos e axentes interesados.

#### **(6) Selección do Concello de Abegondo como proxecto piloto para o Programa Red.es.**

Este programa ten por obxectivo impulsar a introdución das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) na xestión urbanística municipal, aumentando a transparencia neste ámbito.

#### **(7) Selección do municipio de Abegondo como "Núcleo de Sostenibilidade"**

O obxectivo deste proxecto é a integración das accións susceptibles de ser promovidas ou apoiadas polas administracións municipal e autonómica enfocadas ao deseño dun desenvolvemento local sostible. Para iso elaboraranse, de forma simultánea e harmonizada, os instrumentos que ambas as dúas administracións poden desenvolver para a Planificación da sostenibilidade (avaliación estratéxica, axendas 21 local e escolar, educación ambiental, instrumentos de sostenibilidade empresarial, promover o uso das enerxías renovables), co fin de formular un plan integrado de sostenibilidade local.